



## **CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O CONCELLO DE MEAÑO (NIF P3602700A) E A ASOCIACIÓN DEPORTIVA E CULTURAL ASMUBAL MEAÑO (CIF G36535516) PARA COMPETICION EN LIGA NACIONAL. EJERCIZO 2024**

En Meaño, REUNIDOS:

Dunha parte, D. Carlos Viéitez Fernández, con DNI nº \*\*3097\*\*\*, actuando en nome e representación do Concello de Meaño, na súa calidade de alcalde, en uso das facultades que lle confire o artigo 21 da Lei de bases de réxime local.

Doutra parte, D./D<sup>a</sup> Silvia Lobato Limeres, con DNI nº \*\*8258\*\*\*, na súa calidade de Presidenta da Asociación Deportiva e Cultural ASMUBAL Meaño quen ratifica a súa condición de presidenta desta entidade, a vez que manifesta que a mesma se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias coa facenda estatal, autonómica e local e que non se atopa incurso en ningunha das causas de prohibición ou incompatibilidade para percibir axudas ou subvencións públicas.

Tendo en conta o artigo 2.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, que esixe para que as disposicións dinerarias realizadas polas entidades locais teñan a condición de subvencións, que non teñan contraprestación directa do beneficiario, que estean suxeitas ao cumprimento dun determinado obxectivo, a realización dunha actividade ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, cumprindo as obrigas materiais e formais que se estableceran, e que estas condutas teñan por



obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública, interese social ou a promoción dunha finalidade pública.

Co fin de dar cumprimento ao previsto no artigo 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, que considera os convenios como os instrumentos habituais para a canalización das subvencións directas.

Ámbalas partes, facendo uso da representación que ostentan e coa capacidade legal para celebrar este acto EXPOÑEN

1.-Actúan ambos coa representación que legal e regulamentariamente teñen concedida, recoñecéndose reciprocamente os asinantes do presente documento plena capacidade para á firma do presente convenio.

2.- Que o Concello de Meaño ten como unhas das súas competencias a promoción da actividade turística de interese e ámbito local e do deporte, de acordo co previsto no artigo 25.2. apartados h e l) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local e no artigo 80.2 n) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

3.- Que é unha actividade de fomento para favorecer a práctica deportiva do balonmán feminino en liga nacional, incrementando a cohesión social, motivo polo cal se considera que o impulso municipal á oferta deportiva e o fomento do tecido asociativo deportivo potencian a práctica do deporte e tamén no desenvolvemento local. Por outra parte, a participación do equipo na liga nacional contribuirá a promoción turística de Meaño no desprazamento do equipo a outras localidades de Galicia así como de outras CCAA.

4.- A Asociación Deportiva e Cultural ASMUBAL Meaño e o Concello de Meaño coinciden no obxectivo da divulgación e recoñecemento dos valores da práctica deportiva e a súa promoción social, neste caso do deporte do balonmán, que tamén directamente contribuirá á promoción turística do Concello de Meaño.

5.-Este evento se encadra no marco das iniciativas do Concello de Meaño para a promoción deportiva e turística dada a repercusión social e económica que a competición na liga nacional terá para a promoción do Concello de Meaño, tanto pola afluencia de público aos distintos partidos celebrados en casa como pola



competición noutras localidade de Galicia e España.

6.-Dado que a participación na liga nacional depende da clasificación do equipo, dificultase a convocatoria pública dunha subvención, si ben, considerando acreditadas razóns de interese público, social e económico do mesmo, é polo que se articula o presente convenio, que ten por finalidade canalizar a concesión directa, ao abeiro do artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, dunha subvención á Asociación Deportiva e Cultural ASMUBAL Meaño para COMPETICION NA LIGA ESPAÑOLA FEMININA DE BALONMÁN NA DIVISIÓN DE HONRA DE PRATA na tempada 2023-24 ( gastos de 2024).

7.- Que para a formalización do presente convenio existe consignación orzamentaria suficiente na partida 341.4800001.

8.-Segundo a regulación contida nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime Xurídico do Sector Público, son convenios de colaboración os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas entre si ou con suxeitos de dereito privados para acadar un fin común, que contribúan a realización de actividades de utilidade pública ou interese xeral.

Por todo o exposto acórdase asinar o presente convenio de colaboración baixo as seguintes CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO. O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración económica entre o Concello de Meaño e a Asociación Deportiva e Cultural ASMUBAL Meaño no ano 2024 para COMPETICION NA LIGA ESPAÑOLA FEMININA DE BALONMÁN NA DIVISIÓN DE HONRA DE PRATA na tempada 2023-24 ( gastos de 2024)

SEGUNDA.- SUBVENCIÓN E FINALIDADE. O importe da subvención ascende a 5.000,00 €, e serán aboados con cargo á aplicación orzamentaria 341.48000.

A devandita axuda será destina ao financiamento de gastos de participación COMPETICION NA LIGA ESPAÑOLA FEMININA DE BALONMÁN NA DIVISIÓN DE HONRA DE PRATA na tempada 2023-24, referidos ao ano 2024.

TERCEIRA- OBRIGAS DO BENEFICIARIO. A Asociación Deportiva e Cultural ASMUBAL Meaño comprométese a:



- 1) Realizar a actividade subvencionada, segundo a normativa en vigor que rexe para a organización deste tipo de eventos deportivos.
- 2) Xustificar perante o Concello o cumprimento dos requisitos e condicións que sexan esixibles segundo a normativa aplicable, así como a realización das actividades para as que se concede subvención.
- 3) A facer a debida publicidade onde figure a colaboración por parte do Concello de Meaño de forma clara e inequívoca; incluíndo o logotipo do Concello de Meaño en tamaño suficientemente visible en toda a publicidade en formato físico e dar conta de da axuda concedida nas publicacións que se poidan realizar en calquera medio.
- 4) Someterse as actuacións de comprobación que respecto a xestión dos fondos outorgados poda facer o Concello, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que podan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, aportando canta información sexa requirida no exercicio de súas actuacións.
- 5) Comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza, e en todo caso, antes da xustificación da aplicación dada aos fondos.

#### CUARTA. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS, INGRESOS OU RECURSOS.

A presente subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade, procedentes de calquera das administracións e entes públicos ou privados ou persoas físicas, pero en ningún caso o conxunto das axudas e achegas recibidas poderá superar o 100% do custo da actividade ou proxecto subvencionado.

#### QUINTA. LIBRAMENTO DA AXUDA. FORMA DE XUSTIFICACIÓN E PRAZOS

Para percibir a subvención a Asociación Deportiva e Cultural ASMUBAL Meaño deberá presentar, con data límite 2 de decembro de 2024, a seguinte documentación por medios electrónicos na sede electrónica do Concello de Meaño:



- \* Memoria xustificativa da competición.
- \* Factura/as ou documento equivalente, indicando concepto e importe, conformada electronicamente polo/a Presidente/a da asociación.

De tratarse de gastos de monitores ou director presentaran nóminas, facturas ou liquidacións debidamente asinada polo beneficiario en a que se reflexen os datos persoais, concepto e o importe íntegro da prestación, o importe da retención correspondente ao IRPF e o importe líquido a percibir polo interesado e deberá achegarse o modelo 111 e a Relación Nominal de Traballadores ( de ser o caso).

Estes documentos probatorios estarán conformados electronicamente polo/a Presidente/a da asociación, con indicación do DNI.

Os gastos de transporte, viaxes, etc que se deriven da participación en ligas, competicións, eventos, torneos, actuacións, xuntanzas, etc deberán xustificarse achegando ademais da documentación xeral establecida ( facturas e xustificantes de pago):

- Para as competicións deportivas/ligas: achegando o correspondente calendario de competición no que figure o clube, categoría, data e lugar do evento deportivo.

As facturas deberán de cumprir coa normativa de facturación.

\* Acreditación de ter realizado o pago do/s gasto/os xustificado/os mediante transferencia bancaria para facturas por importe maior o igual a 1.000,00 € (artigo 7 da lei7/2012, de 29 de outubro, de modificación de la normativa tributaria y presupostaria y de adecuación de la normativa financeira para la intensificación de las actuacións en la prevención y loita contra el fraude). Cando sexan facturas pagadas en metálico (< 1.000,00 €), debe constar ademais o pagado ou xustificante de recepción emitido pola empresa, selado e rubricado (nome e DNI ou CIF e sinatura). De acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei 38/2003, así como no artigo 29 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, se considera gasto realizado o que fora efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.



\* Certificación de estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (Facenda do Estado, Facenda da Comunidade Autónoma e fronte á Seguridade Social).

\* Conta xustificativa do gasto, segundo Anexo II que se achega.

\* Certificación bancaria na que conste a conta bancaria da asociación.

\* Acreditación de contar co seguro de responsabilidade civil e ao corrente do seu pago.

\* Xustificación da publicidade onde figure a colaboración por parte do Concello de Meaño con escudo do Concello e texto Concello de Meaño.

Si a documentación presentada non reúne os requisitos esixidos requirirase á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para que nun prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicándolle que, en caso de non facelo, se terá por desistida a petición de libramento de fondos correspondentes á axuda concedida, e se arquivará previa resolución ditada nos termos do artigo 21 da citada norma.

**SEXTA.- RESPONSABILIDADES.** A Asociación Deportiva e Cultural ASMUBAL Meaño queda sometida á responsabilidade e ao réxime sancionador establecido no artigo 40 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais así como no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**SÉTIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.** Para o cumprimento do presente convenio créase unha Comisión Mixta de Seguimento, formada pola concelleira de educación, cultura, deporte, ocupación do tempo libre, infancia e xuventude, turismo e comercio, un/unha empregada pública do Concello de Meaño e a presidenta da Asociación Deportiva e Cultural ASMUBAL Meaño.

Dita Comisión será a encargada do seguimento, interpretación e control do convenio, así como, de ser o caso, arbitrar os mecanismos de solución de controversias e de denuncia do convenio por algunha das partes.

**OTAVA.- REVOGACIÓN.** O Concello de Meaño poderá revogar as axudas previstas



neste convenio nos seguintes casos:

- Non reunir os requisitos legalmente establecidos para acadar a condición de beneficiario de axudas e subvencións públicas.
- Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para elo ou ocultando aquelas que o impedirán.
- Incumprimento total ou parcial do obxectivo da actividade a subvencionar.
- Incumprimento das obrigas de adoptar as medidas de difusión.
- Resistencia, escusa ou obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control.
- Non asinar o convenio no prazo sinalado polo Concello.

O incumprimento de calquera das cláusulas do Convenio constituirá causa suficiente de rescisión deste.

NOVENA.- VIXENCIA. O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, extendéndose a duración do mesmo dende 1 de xaneiro de 2024 ate o día 2 de decembro de 2024.

DÉCIMA.- NATUREZA. O presente convenio ten natureza administrativa e elaborase no marco Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, do R.D. 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; rexéndose polo disposto nas cláusulas do mesmo e, no seu defecto, pola lexislación sinalada. Será competente para entender nos litixios que puideran xurdir a Xurisdición Contencioso-Administrativa.

DÉCIMA PRIMEIRA.- PUBLICACIÓN. De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o convenio de colaboración e a información sobre a subvención articulada no mesmo serán comunicados á Base de datos nacional de subvencións (BDNS) e publicado no portal de transparencia do Concello de Meaño, autorizando expresamente os asinantes a publicación dos seus datos persoais.

O presente Convenio obriga ó cumprimento do expresamente pactado,



someténdose ámbalas dúas partes ó acordado en tódalas estipulacións.

En proba de conformidade os participantes asinan dixitalmente o presente Convenio.

O Alcalde

A presidenta da Asociación ASMUBAL Meaño

